



Concello de Lugo



SAN FROILÁN 2018



CONCELLO LIBRE DE AGRESIÓNS SEXISTAS

 **112 - 900 400 273 - 016**

PUNTO VIOLETA SAN FROILÁN na Horta do Seminario

Os días 4 e 11 das 22:00 h ás 02:00 h e 5, 6, 7 e 12 de outubro das 12:00 h ás 02:00 h

* Os horarios poden modificarse para adaptarse ás necesidades

NOTA: no Parque Rosalía de Castro tamén estarán os postos de socorro, corpos de seguridade onde se prestará información, asesoramento e axuda necesarios

POR UNHAS FESTAS LIBRES DE AGRESIÓNS SEXISTAS

- Son para o disfrute de todas as persoas.
- Non todo vale.
- Nin o uso nin o abuso de drogas xustifica unha agresión.
- **O NON SEGUE A SER NON.**
- Cunha actitude activa faremos fronte as agresións sexistas.

GUÍA DIRIXIDA:

- A ti que tiveches que abandonar un espazo público (bar, autobús, rúa...) porque te sentiches agredida e non sabías que facer.
- A ti que sentiches medo ao escoitar os pasos detrás e aceleraches o paso.
- A ti que deixaches de facer cousas soa.
- A ti que sentiches humillación e control por parte doutra persoa.
- A ti que te sentiches presionada para manter relacións sexuais.
- A ti que estás farta de tanto baboseo, se che avergoñas dos comportamentos machistas e se non che fan gracia as “supostas” bromas e piropos.

QUE É A VIOLENCIA MACHISTA?

- A que se basa nas relacións xerárquicas, nas relacións de poder que sitúan ao home por enriba da muller, cuxo obxectivo é garantir que as mulleres vivan nunha situación de sumisión.
- Ten carácter estrutural, sófrena as mulleres de todo o mundo en todos os ámbitos das súas vidas.
- Pode ser física, psicolóxica, afectiva, sexual ou económica.
- Pode ter diferentes formas: insultos, supostos “piropos”, desprezos, humillacións, celos, chantaxe emocional, tocamentos, acoso sexual, golpes, violacións, asasinato...
- A que constrúe o medo nas mulleres. As mulleres non nacen con medo, ensínaselles a telo, sen mostrarlles os mecanismos nin as ferramentas para facerlle fronte, xerando vulnerabilidade.

SINAIS DA VIOLENCIA MACHISTA

- Se a túa parella controla o teu tempo, o teu móbil, a túa forma de vestir, as túas amizades, vixioute ou perseguiute algunha vez, e acúsate de serlle infiel.
- Se a túa parella trátate como se non tiveses criterio, menosprezando as túas opinións. Non quere que saias coas túas amizades. Non admite que na túa vida haxa ninguén máis.
- Obriga de manter relacións sexuais cando ti non queres ou obrigarte a telas sen condón.
- Cando persoas descoñecidas sóbante ou moléstante a pesar de que dixeches que te deixasen en paz.
- Cando te sintes intimidada na rúa ou de festa por miradas ou comentarios relativos ás túas características físicas e/ou estéticas.

LEMBRA QUE:

- Só ti sabes se algo che gusta, molesta ou agrídete. **¡Ti decides!**
- Lembra o teu dereito a dicir “**NON**”. Ninguén ten dereito a impoñerte nada que non queiras. **O teu corpo é teu.**
- Tes dereito a dicir **NON** cando non che apeteza unha relación sexual, en calquera momento da mesma, sen ser ameazada, intimidada, chantaxeada ou agredida.

TELÉFONOS DE UTILIDADE

Teléfonos de Emerxencias (112), Policía Local (092) ou Corpo Nacional de Policía (091) ou chamando aos teléfonos gratuítos e sen pegada de atención á Muller (016) e (900 400 273).